



R lanza una plataforma educativa en streaming baseada en IA

Edustream de R: Intelixencia Artificial nas aulas

- ***O operador galego, en colaboración co seu socio tecnolóxico Cinfo, lanza unha plataforma educativa por internet para que o/a profesor/a poida dar a clase fisicamente dende a aula e en remoto de xeito simultáneo***
- ***Para interactuar, os/as alumnos/as que están nas súas casas só teñen que conectarse coas súas credenciais, consultar unha listaxe de aulas asignadas e facer clic na clase que se estea impartindo***
- ***Trátase dun sistema de altísima calidade ('streaming HLS multibitrate'), que se axusta ao largo de banda dispoñible e aos dispositivos que teña o alumno (móbil, 'tablet', ordenador, TDT ou inclusive Smart tv)***
- ***En tempos de pandemia, 'Edustream' eríxese na solución para quen deba permanecer confinado/a na súa vivenda e para manter nas aulas a distancia social se o alumnado se reparte entre estas e os fogares***

Mércores, 3 de marzo de 2021.- Coa idea de optimizar as posibilidades que tamén no ámbito educativo ofrece a Intelixencia Artificial, **R** lanza, en colaboración co seu **socio tecnolóxico Cinfo**, unha plataforma en *streaming* para que o/a docente poida impartir as súas clases na aula e, ao tempo, ao alumnado que traballa telematicamente dende a casa. E todo iso, con alta calidade de vídeo e audio (IA + sistema *Live Video*).

Así, o seguimento *online* das clases deixa de ser un problema e tradúcese unicamente en vantaxes, pois o/a profesor/a dá a súa clase coma sempre mais, neste caso, **tanto a alumnos/as presentes como aos/ás que asisten en remoto**. Ao tratarse dun servizo na aula física, o/a mestre/a só ten que pór un micrófono de lapela e xa pode erguerse e moverse pola aula con total naturalidade, ou sentar e escribir.

Pola súa banda, **o/a alumno/a simplemente conéctase** rexistrándose coas súas credenciais -sempre contrastadas na base de datos do cliente- e accede a unha listaxe de aulas asignadas de entre as que escolle, cun só clic, aquela onde se vaia impartir a clase.

en primeira fila, sen descoidos e con calidade á medida

A plataforma educativa *Edustream* conta cun sistema de cámaras de alta calidade, codificadores e micros que posibilitan o **encadre e seguimento do profesorado** en todo momento e as capturas de pantalla do proxector ou encerado, tanto dixital como tradicional. O alumnado en remoto asiste á clase coma se estivese sentado en primeira fila da aula.

Ademais dese seguimento do/da docente e do encerado, *Edustream* dispón dun sistema que permite manter un **chat aberto en directo** e realizar preguntas, capturas de pantalla, pausar e arrincar de modo sinxelo as clases ou visionalas tantas veces como se queira a posteriori. O/a alumno/a pode intervir “erguendo a man” no chat, e o/a docente responderá en directo, como se a persoa estivese alí presencialmente.

E todo iso, coa tecnoloxía de *streaming HLS multibitrate*, que se **axusta ao largo de banda dispoñible e aos dispositivos** que teña o/a alumno/a, que pode seguir as clases dende o móbil, a *tablet*, o ordenador, a TDT ou mesmo una Smart TV. O consumo de banda larga regúlase configurando as cámaras avanzadas do sistema e, deste xeito, só se utiliza o necesario para as clases activas en cada momento.

durante a crise sanitaria e despois dela: *streaming* intelixente

A plataforma ***Edustream*** é una ferramenta educativa en *streaming* que, sen dúbida, responde ás necesidades e circunstancias derivadas da pandemia. De feito, convértese agora nunha solución idónea para quen teña que quedar confinado/a na casa e seguir as clases en remoto ou para manter sen problemas de espazo a necesaria distancia de seguridade nas aulas cando unha parte do alumnado traballa telematicamente.

E como outros avances tecnolóxicos que aceleraron durante estes meses de crise sanitaria a súa incorporación ás nosas vidas, tras a pandemia, a plataforma *Edustream* seguirá sendo una ferramenta enormemente útil. Neste sentido David del Campo, director de Márketing Empresas de **R**, explica que “*a irrupción da Intelixencia Artificial xa está a impulsar a transformación dixital nas empresas; e a educación benefíciase igualmente diso chegando ás persoas. Neste contexto, atrevémonos a acuñar un termo cando falamos de ‘streaming intelixente’, concepto que implica, a día de hoxe, enriquecer de xeito rápido as capacidades presentes achegándonos ao futuro*”.

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal